

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A EXECUCIÓN DAS FASES 4B E 5A DA CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE, NO EXERCICIO 2024

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade , actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade , no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Anxo Antón Queiruga Vila, presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI) co DNI 76778938Q, de acordo co nomeamento outorgado por Acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria o 10 de febreiro de 2007, que actúa en nome e representación da entidade segundo o disposto no artigo 36 dos seus estatutos, como así consta no rexistro de asociacións .

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro



do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a entidade COGAMI entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2003/93-2ª, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-154.

V. Que COGAMI é a entidade que representa ás Asociacións e Federacións de persoas con discapacidade física en Galicia, e á súa vez é membro de COCEMFE (Confederación Coordinadora Estatal de persoas con discapacidade física de España), e tamén é membro fundador do CERMI-GALICIA (Comité de Entidades Representantes de persoas con discapacidade de Galicia).

Que COGAMI ten, entre outros, os seguintes obxectivos de acordo cos seus estatutos:

a) Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.

b) Defender o dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade. A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran



dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.

- c) Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
- d) Crear as condicións para que as entidades membro poidan cumprir axeitadamente a súa misión.
- e) Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
- f) Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do grupo social das persoas con discapacidade.
- g) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Confederación con criterios de solidariedade.
- h) Reunir e difundir información xeral e especializada sobre as dificultades das persoas con discapacidade.
- i) Representar ás súas entidades membro no ámbito autonómico, estatal e internacional.
- j) Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
- k) Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades.
- l) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e Igualdade.
- m) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
- n) Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro grupo en risco de exclusión social.
- o) Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.
- p) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando naquelas que impulsen o deporte de base.





q) Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.

r) A cooperación internacional e o desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.

s) Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión da Confederación ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

Que a entidade COGAMI debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos de atención a persoas con discapacidade.

VI. COGAMI ofrece servizos especializados dirixidos ás persoas con discapacidade para conseguir máis autonomía, mellor calidade de vida e poder desenvolverse acorde coas súas necesidades e intereses. Para o desenvolvemento destes servizos COGAMI conta cunha sede que actualmente está localizada nun baixo da Rúa Modesto Brocos de Santiago de Compostela, cuxa accesibilidade dende a mesma é moi difícil para as persoas con mobilidade reducida, consecuencia da enorme pendente que ten. Ademais, nos últimos anos o enorme crecemento dos servizos da entidade, fai preciso contar con novos espazos para as tarefas que a organización precisa realizar: espazos polivalentes para a organización de talleres demandados polo servizo de emprego, o de formación e o de autonomía persoal, espazos para novos postos de traballo, espazos para o adestramento do uso de produtos de apoio, entre outros.

Esta situación implica a necesidade de ocupar outros espazos na cidade, o que dificulta a coordinación entre os equipos e o desenvolvemento da estratexia da entidade, así como a implantación dunha visión única e compartida. A esta situación hai que engadir a escasa confortabilidade do espazo actual. Trátase dunha construción moi antiga, con problemas de illamento térmico e acústico e cun sistema de calefacción moi ineficiente.

Na actualidade, a organización conta cunha parcela cedida en cesión demanial polo Concello de Santiago de Compostela por acordo de Xunta de Goberno de data 5 de outubro de 2020 pola que se outorga á Confederación Galega de persoas con Discapacidade (COGAMI) por un prazo de 25 anos unha concesión demanial sobre a parcela EQLeste- do SUNP- Cancelas para a construción dun edificio adaptado destinado a sede central de COGAMI en Galicia.





COGAMI é unha entidade que presta servizos a máis de 15.000 persoas con discapacidade en toda Galicia e que hai en Galicia 184.444 persoas con discapacidade física atopándose gran parte delas na franxa de idade entre os 16 e os 64 anos, grupo de persoas ao que van dirixidos a maioría dos servizos de COGAMI. Co exposto, demóstrase a necesidade de que a organización dispoña de infraestruturas e equipamento adecuado para poder prestar uns servizos adecuados enfocados á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.

VII. O obxectivo deste convenio é financiar un proxecto de investimento por parte da entidade COGAMI, consistente na construción da nova sede a través da concesión directa dunha subvención. Concretamente, esta actuación supón a continuación coa construción da nova sede da entidade que se iniciou no ano 2022 e que está sendo executada a través de diferentes fases. Neste caso correspóndese coa execución da fase 4B e 5A. Trátase de dotar de novos equipamentos destinados á prestación de servizos de persoas con discapacidade baseados nunha nova arquitectura centrada na persoa e na atención en contornas comunitarias.

As actuación do ano 2024 implican, unha vez finalizada toda a estrutura, acometer a cuberta, as fachadas, coas súas carpinterías, parte da albañilería e unha pequena parte de instalacións, así como a parte proporcional de control de calidade, xestión de residuos e seguridade e saúde.

O obxectivo desta nova etapa é poder pechar toda a obra exteriormente e acometer as divisións interiores de ladrillo, como paso previo ao inicio dos traballos exclusivamente interiores de todas as divisións, instalacións e acabados que se incluírán nas seguintes fases. Inclúese todas as divisións de ladrillo e a instalación e acabado dos chan das plantas de oficina, co solo radiante incluído, para poder, nas seguintes fases, completar o resto das divisións. Trátase polo tanto de asegurar o interior da obra e de protexelo dos axentes meteorolóxicos para poder iniciar todos os traballos interiores, restando no exterior, exclusivamente remates de urbanización.

O interese público, así como o carácter eminentemente social das medidas de apoio ás persoas con discapacidade preferentemente física e ás súas familias xustifica a concesión directa desta subvención.

O interese público e social desta concesión queda acreditado pola necesidade de atender a un colectivo especialmente vulnerable como son as persoas con discapacidade por parte da beneficiaria da subvención, COGAMI.





Para o desenvolvemento dos seus servizos a entidade COGAMI conta cunha sede que actualmente está localizada nun baixo da súa Modesto Brocos de Santiago de Compostela, cuxa accesibilidade dende a mesma é moi difícil para as persoas con mobilidade reducida, consecuencia da enorme pendente que ten. Ademais, nos últimos anos o enorme crecemento dos servizos da entidade, fai preciso contar con novos espazos para as tarefas que a organización precisa realizar: espazos polivalentes para a organización de talleres demandados polo servizo de emprego, o de formación e o de autonomía persoal, espazos para novos postos de traballo ou espazos para o adestramento do uso de produtos de apoio.

Esta situación implica a necesidade de ocupar outros espazos na cidade, o que dificulta a coordinación entre os equipos e o desenvolvemento da estratexia da entidade, así como a implantación dunha visión única e compartida. A esta situación hai que engadir a escasa

confortabilidade do espazo actual. Trátase dunha construción moi antiga, con problemas de illamento térmico e acústico e cun sistema de calefacción moi ineficiente.

Na actualidade, a organización conta cunha parcela cedida polo municipio de Santiago de

Compostela para a construción dunhas novas instalacións que responden ás necesidades

actuais de prestación de servizo e ao, mesmo tempo, mellora a eficiencia enerxética das instalacións actuais.

Tendo en conta que COGAMI é unha entidade que presta servizos a máis de 15.000 persoas con discapacidade en toda Galicia e que hai en Galicia 184.444 persoas con discapacidade física atopándose gran parte delas na franxa de idade entre os 16 e os 64 anos, grupo de persoas ao que van dirixidos a maioría dos servizos de COGAMI, demóstrase a necesidade de que a organización dispoña de infraestruturas e equipamento adecuado para poder prestar uns servizos de adecuados enfocados á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.

As novas instalacións van a albergar servizos fundamentais para mellorar a autonomía persoal das persoas con discapacidade e, polo tanto, retrasar o máximo posible a súa dependencia e institucionalización.

Ademais, os novos espazos estarán especificamente deseñados para que a prestación de servizos se realice segundo a metodoloxía de atención integral centrada na persoa. Este tipo de metodoloxía promove as condicións precisas para a consecución de melloras en





todos os ámbitos da calidade de vida e o benestar da persoa, partindo do respecto pleno á súa dignidade e dereitos, aos seus intereses e preferencias e contando coa súa participación efectiva. Trátase pois dun tipo de metodoloxía que potencia a autonomía, o respecto e en última instancia o empoderamento da persoa.

En relación co anterior, os servizos prestados nas novas instalacións contemplan a atención da persoa nas zonas rurais, acercando o servizo á persoa e tendo en conta as características da contorna de desenvolvemento persoal e social da persoa con discapacidade, o cal contribúe a que a persoa poida seguir desenvolvendo a súa vida na súa contorna natural, ademais de contribuír ao mantemento da poboación no rural.

Deste xeito, tendo en conta a especificidade das características do proxecto que se vai financiar e a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, segundo o previsto no Decreto 49/2024, do 22 de abril e no Decreto 39/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento da execución dun proxecto consistente na construción da fase 4B e 5A da sede de COGAMI, baixo o réxime establecido nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa entidade COGAMI, a través da concesión directa dunha subvención á dita entidade destinada ao financiamento dos gastos derivados da



execución dun proxecto consistente na execución da fase 4B e 5A da construción da nova sede da entidade.

Trátase acometer a cuberta, as fachadas, coas súas carpinterías, parte da albañilería e unha pequena parte de instalacións, así como a parte proporcional de control de calidade, xestión de residuos e seguridade e saúde nos termos previsto na memoria económica.

As novas instalacións van a albergar servizos fundamentais para mellorar a autonomía persoal das persoas con discapacidade e, polo tanto, retrasar o máximo posible a súa dependencia e institucionalización.

Ademais, os novos espazos estarán especificamente deseñados para que a prestación de servizos se realice segundo a metodoloxía de atención integral centrada na persoa. Este tipo de metodoloxía promove as condicións precisas para a consecución de melloras en todos os ámbitos da calidade de vida e o benestar da persoa, partindo do respecto pleno á súa dignidade e dereitos, aos seus intereses e preferencias e contando coa súa participación efectiva. Trátase pois dun tipo de metodoloxía que potencia a autonomía, o respecto e en última instancia o apoderamento da persoa.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

1. Considéranse actuacións subvencionables os gastos derivados da execución das fases 4B e 5A da construción da nova sede de COGAMI, En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións: gastos de construción, instalacións, control de calidade, seguridade e urbanización.

Inclúese na fase 4B os gastos relacionados coa cuberta, as fachadas, coas súas carpinterías, parte da albañilería e unha pequena parte de instalacións, así como a parte proporcional de control de calidade, xestión de residuos e seguridade e saúde.

Inclúese dentro da fase 5A, todos os gastos relacionados coas divisións de ladrillo e a instalacións e acabado dos chan das plantas de oficina, co solo radiante incluído, para poder, nas seguintes fases, completar o resto das divisións. Trátase polo tanto de asegurar o interior da obra e de protexelo dos axentes meteorolóxicos para poder iniciar todos os traballos interiores, restando no exterior, exclusivamente remates de urbanización.



2. Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.

3. Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a COGAMI é de un millón sesenta e seis mil trinta e sete euros con sesenta de dous céntimos (1.066.037,62 €).

Para o cumprimento das actuacións subvencionables previstas deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará oitocentos mil euros (800.000,00€), que serán imputados á aplicación orzamentaria 38.04.312D.781.0, do orzamento da comunidade autónoma para o exercicio 2024.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. Ademais das obrigas recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigacións que resulten da normativa aplicable, a entidade beneficiaria desta axuda está obrigada a:

a) Executar e acreditar a realización do proxecto das actuacións definidas na cláusula primeira que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente, sen prexuízo da facultade da consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais de comprobar a realización material das actuacións.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos



pola entidade beneficiaria e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo á subvención e a obriga do mantemento da documentación soporte. O soporte da documentación realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea, mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co artigo 22 do Regulamento (UE) 2011/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro.

f) As infraestruturas e/ou equipamentos obxecto da actuación subvencionada deberán obter as correspondentes autorizacións establecidas no Decreto 254/2011, do 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, e demais autorizacións sectoriais preceptivas e permanecer destinados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un período non inferior a 5 anos dende o pagamento final á entidade beneficiaria, tal e como recolle o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño. O incumprimento disto dará lugar á revogación da concesión a través deste convenio, ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.

g) Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



En particular, estarán obrigadas a incorporar nun lugar visible do inmovible unha referencia expresa a que a construción ou reforma foi financiada pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade). Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

h) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

j) Conservar os documentos xustificativos e demais documentación relacionada co financiamento da actuación, en formato electrónico, durante un prazo mínimo de 5 anos a partir da recepción do último pagamento. Este período será de tres anos se o financiamento non supera os 60.000 €.

2. Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.



b) Declaración responsable, suscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

1. A percepción desta axuda é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

2. No caso de percibírense outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro deste convenio poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas supere o custo do proxecto subvencionado. En caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata conseguir o cumprimento do establecido anteriormente.

SÉTIMA. *Vixencia do convenio e e prazo de xustificación*

A vixencia do convenio será desde a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024, ambos os dous incluídos, sen prexuízo de estender os seus efectos ao gastos das actuacións subvencionables desde o 1 de xaneiro de 2024.

OITAVA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades, aportando a documentación prevista na cláusula décima do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social





e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se for o caso, de conformidade coa normativa de subvencións.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, COGAMI queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

NOVENA. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. En todo caso son subvencionables os gastos derivados das actuacións na cuberta, as fachadas, coas súas carpinterías, parte da albañilería e unha pequena parte de instalacións, así como a parte proporcional de control de calidade, xestión de residuos e seguridade e saúde nos termos previsto na memoria económica incluídos no proxecto de construción da sede (fase 4B E 5A).

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados con anterioridade ao remate da data límite a súa xustificación, consonte o establecido no número seguinte.

DÉCIMA. Xustificación

1. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación que remata o 20 de decembro de 2024.

2. De conformidade co establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, conterà a seguinte documentación:

a) Conta xustificativa que incorpore unha memoria de actuación e unha memoria económica abreviada, con achega de informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



b) A emisión do informe de auditoría axústase ao disposto na Orde EHA/143/2007, de 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto neste convenio. A verificación que debe realizar a auditoría de contas terá, en todo caso, o seguinte alcance:

1º. O cumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

2º. A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.

3º. A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada pola entidade beneficiaria, foron financiadas coa subvención.

4º. O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.

3. O informe da persoa auditora permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do proxecto ou actividade subvencionada, conforme estas bases. En todo caso, deberá comprobarse:

a) Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade, debendo anexar ao informe unha copia desta verificada pola persoa auditora.

b) Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos utilizados para realizar a revisión da xustificación económica.

c) Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas. No caso doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá indicar o seu importe e a súa procedencia.

d) Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para os ditos efectos, o informe de auditoría deberá confirmar:



1º. Que os gastos realizados e imputados ao proxecto gardan unha relación directa con este e que son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.

2º. Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, sendo os devanditos gastos realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.

e) Que a entidade beneficiaria utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.

f) Que a entidade beneficiaria dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do provedor, naqueles casos en que non recaese na proposta económica máis vantaxosa.

g) No informe constará pronunciamento sobre a elixibilidade do IVE imputado ao proxecto e que non é susceptible de recuperación ou compensación.

h) Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica a través de fotografías, copias, captura de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

4. A xustificación comprenderá o custo total do investimento subvencionado de acordo coa última memoria explicativa autorizada e non só a contía da subvención concedida. No caso de actividades financiadas con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá reflectirse na memoria económica que conterá unha relación detallada deles, con indicación do importe, procedencia e aplicación deles ás actividades subvencionadas.

5. Os gastos da entidade terán que adaptarse aos conceptos de gasto consignados na memoria aínda que poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos conceptos de gasto nunha contía máxima dun 20% do importe da axuda finalmente concedida, sempre que non se modifique a contía total subvencionada nin a desviación se aplique a conceptos de gasto non autorizados.



A entidade asignará un número de orde a cada xustificante de gasto e debe ter en conta que a suma de todos os importes totais correspondentes aos distintos conceptos de gasto debe xustificar o importe total de cada operación, segundo a memoria adaptada no caso de tela presentado.

6. Recibida a documentación xustificativa da subvención, a consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2009, do 13 de xuño,

DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das seguintes obrigas:

- a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.
- c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derivase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a exixencia do xuro de demora correspondente.



3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, a persoa beneficiaria poderá realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82 2080 0300 87 3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA. *Subcontratación*

Poderá ser obxecto de subcontratación ata o 100% da actuación subvencionada nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO TERCEIRA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada unha das partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no proxecto a subvencionar a través do presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes de COGAMI, designadas por cada unha das persoas que representen ás partes asinantes, así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as persoas integrantes da comisión serán suplidas por quen designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.



Como órgano Colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. *Comprobación, inspección e control*

1. A consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais poderá levar a cabo as actividades de comprobación que considere oportunas para controlar o cumprimento do destino das axudas concedidas a través deste convenio.
2. Na subvención de capital , en cómputo individual, destinada a investimentos en activos tanxibles, o órgano concedente realizará a comprobación material do investimento, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como pola entidade beneficiaria.
3. Sen prexuízo do anterior, o órgano concedente realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados neste convenio. O persoal encargado da verificación levantará acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentarlle ao órgano concedente xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control e verificación.
4. Ademais, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMO QUINTA. *Publicidade*



O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO SEXTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería competente en materia de servizos sociais, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SÉTIMA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de



novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurridas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade

O presidente da Confederación
Galega de Persoas con
Discapacidade (COGAMI)

Fabiola García Martínez

Anxo Antón Queiruga Vila

